

## O PSdeG amosa a súa preocupación polos “movementos para facer desaparecer a área sanitaria de Monforte”

**Ante informacións chegadas do entorno do hospital que dan por feito que Monforte será integrado na área de Lugo ao comezar 2013, os socialistas esixen que a Xunta “se pronuncie de xeito inmediato para confirmar ou desmentir de forma clara este proceso e explicar cales son os seus plans”**

O PSdeG de Lugo traslada a súa “preocupación” polos “movementos” da Xunta “para facer desaparecer a área sanitaria de Monforte”. Ante informacións chegadas do entorno do hospital que dan por feito que Monforte será integrado na área de Lugo ao comezar 2013, os socialistas esixen que a Xunta “se pronuncie de xeito inmediato para confirmar ou desmentir de forma clara este proceso e explicar cales son os seus plans”.

Os socialistas confían en que “o Goberno de Feijóo non volva incumprir por enésima vez as súas promesas”, xa que desde 2010 levan asegurando que esta situación non se producirá, e esperan, como xa vaticinaron no mes de abril, que o retraso na publicación do decreto sobre as áreas sanitarias de Lugo non fose só “unha estratexia política” coa que “evitar o desgaste e a perda de votos na zona” antes das eleccións.

Lembran, asimismo, que en febreiro de 2010 os tres grupos representados no Parlamento decidiron por unanimidade que o novo modelo de xestión integrada, que só resta por implantar na provincia lucense, manteña o mapa sanitario “coas competencias actuais” e co hospital comarcal como referencia dependente directamente do Sergas, sen que a xestión do centro quede supeditada a unha simple xerencia en Lugo. Os socialistas afirman que, de ser certas as informacións da integración desta área sanitaria, isto sería “un despropósito moi grave, un golpe máis no continuo ataque da Xunta aos servizos nas áreas periféricas e no desmantelamento da sanidade pública”.

Lugo, 26 de decembro de 2012

Saúdos,  
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo  
[psoeprovinciallugo@gmail.com](mailto:psoeprovinciallugo@gmail.com)